



COMUNICADO ÁS FAMILIAS DO CEIP ESCULTOR ACUÑA

Venres , 17 de setembro de 2021

Benvidas e Benvidos ao novo curso escolar

Prezadas Familias:

Xa en marcha o novo curso escolar 2021-2022, aproveitamos para informaros sobre distintas cuestións organizativas, que axudarán a mellorar a acollida a este novo curso e a nosa prevención ante o COVID19.

1. Datás das reunións presenciais das familias coas súas titorías

No cadro adxunto figuran as reunións presenciais de inicio de curso. Para cumprir co Protocolo COVID soamente poderá asistir á reunión unha persoa por familia (sen alumnas ou alumnos) e portando a máscara de protección obrigatoria.

REUNIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL					
4º EI	A	Rosa C.	Martes, 21 de setembro	17 horas	Aula de titoría
4º EI	B	María C.	Martes, 21 de setembro	17 horas	Aula de titoría
5º EI	A	Beatriz A.	Martes, 28 de setembro	16 horas	Aula de titoría
5º EI	B	Laura M.	Martes, 28 de setembro	16 horas	Aula de titoría
6º EI	A	Cristina S.	Martes, 14 de setembro	16 horas	Aula de Psicomotricidade
6º EI	B	Natalia V.	Martes, 14 de setembro	16 horas	Ximnasio



REUNIÓN DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1º EP	A	Maica	Martes, 28 de setembro	16 horas	Aula de tutoría
1º EP	B	Manuel / Yolanda	Martes, 28 de setembro	16 horas	Aula de tutoría
2º EP	A	Cristina T.	Martes, 28 de setembro	16.30 horas	Aula de tutoría
2º EP	B	María Jesús	Martes, 28 de setembro	16.30 horas	Aula de tutoría
3º EP	A	Loli F.	Martes, 5 de outubro	16.30 horas	Aula de tutoría
3º EP	B	Laura F.	Martes, 5 de outubro	17 horas	Aula de tutoría
4º EP	A	María José	Martes, 5 de outubro	16.30 horas	Aula de tutoría
4º EP	B	Estefanía	Martes, 5 de outubro	16.30 horas	Aula de tutoría
4º EP	C	Rubén	Martes, 5 de outubro	16.30 horas	Aula de tutoría
5º EP	A	Paula	Martes, 28 de setembro	17 horas	Aula de tutoría
5º EP	B	Juan G.	Martes, 28 de setembro	17 horas	Aula de tutoría
6º EP	A	Merchi	Martes, 5 de outubro	17.00 horas	Aula de tutoría
6º EP	B	María G.	Martes, 5 de outubro	18.30 horas	Aula de tutoría



2. Protocolo COVID: declaración responsable

Como continuidade das medidas preventivas do Protocolo COVID será remitida unha declaración responsable que deberedes cubrir e entregar á persoa titora. Na mesma declárase que non é posible enviar ao alumnado ao centro se existen síntomas compatibles de coronavirus.

3. Reparto dos libros do Programa FondoLibros (3º a 6º)

No cadro adxunto tedes a organización da entrega de libros do Programa Fondolibros. Para a recollida soamente é posible, seguindo o Protocolo COVID, asistir unha persoa por familia e sen alumnos ou alumnas.

ENTREGA DO PROGRAMA FONDOLIBROS				
3º EP	A	Mércores, 22 de setembro	16 horas	Vestíbulo do centro
3º EP	B	Mércores, 22 de setembro	16 horas	Vestíbulo do centro
4º EP	A	Mércores, 22 de setembro	17 horas	Vestíbulo do centro
4º EP	B	Mércores, 22 de setembro	17 horas	Vestíbulo do centro
5º EP	A	Venres, 24 de setembro	16 horas	Vestíbulo do centro
5º EP	B	Venres, 24 de setembro	16 horas	Vestíbulo do centro
6º EP	A	Venres, 24 de setembro	17 horas	Vestíbulo do centro
6º EP	B	Venres, 24 de setembro	17 horas	Vestíbulo do centro



4. Autorizacións de uso da imaxe e saídas do centro educativo

Nestes días recibiredes as autorizacións do uso da imaxe con fins educativos, recollida do alumnado e saídas do centro educativo sen acompañante (ao final da xornada para 5º e 6º), que deberán ser entregadas á persoa titora.

5. Convivencia Escolar e atención ás familias: procedemento de atención

Como ben sabedes a positiva convivencia é a clave sobre a que se constrúen todas as relacións sociais democráticas e garante o equilibrio entre os dereitos individuais e colectivos. Todos os membros da comunidade educativa somos responsables do seu coidado e cumprimento. O noso Plan de Convivencia é o marco referencial. No mesmo está descrito o **procedemento** ante calquera ruptura salientable da convivencia: *a referencia inicial sempre serán as persoas titoras, que estarán apoiadas polo Departamento de Orientación nunha segunda intervención, de ser o caso. Finalmente o equipo directivo e a comisión de convivencia do Consello Escolar velarán pola supervisión global da mesma. Agradecemos seguir esta canle de intervención en caso de calquera conflito que poida xurdir.* Este mesmo procedemento servirá, ao mesmo tempo, para solucionar calquera cuestión relacionada coa marcha académica do alumnado.

6. Programa “Un clic para el cole”

Está aberta a segunda edición do Programa “Un clic para el cole” da empresa Amazon que consiste en doar a los centros educativos unha porcentaxe das compras efectuadas na súa web sen custo algún para o comprador. Se queredes participar, debeses escoller o centro educativo antes da compra. Ao remate da campaña (maio 2022), o saldo obtido será investido en produtos escolares para o centro.

7. Novos grupos educativos en 1º, 3º, 4º e 5º de Educación Primaria

En relación con algunhas consultas recibidas sobre a conformación destes grupos educativos e os criterios escollidos para a súa elaboración, queremos compartir con vos o proceso realizado.

Como sabedes, dende hai varios cursos académicos, e en acordo aprobado polo Consello Escolar decidiuse modificar os grupos educativos ao incorporarse a estes niveis. Está decisión está sustentada dende criterios educativos, pedagóxicos e psicosociais nos que se resalta a importancia de coñecer novos compañeiros, participar de novos sociogramas de aula, de convivir coa nosa diversidade, etc. Os **criterios** para elaborar os novos grupos son de carácter obxectivo ,e a súa elaboración corresponde ao Departamento de Orientación conxuntamente co Equipo Docente, como así figuran no noso Proxecto Educativo: *igualar o número de alumnas e alumnos co obxecto de tratar positivamente a igualdade de xénero, a repartición nos grupos do alumnado con necesidades educativas especiais co obxecto de convivir no principio de inclusión educativa, o equilibrio de grupos a nivel académico e a conformación de grupos onde os caracteres persoais axuden a consolidar grupos estables e positivos.* Somos conscientes que nestes cambios poden existir casos nos que algún alumno poida sentirse inicialmente máis inseguro, pero os equipos educativos estarán moi atentos a facilitar a nova integración do alumnado. En todo caso, este modelo é unha estupenda oportunidade para desenvolver novas integracións, novas amizades e novos sociogramas integrando a filosofía de entender o centro como un colectivo grupal.



8. Consello Escolar de Centro: resumo dos asuntos tratados

O martes, día 7 de setembro, tivo lugar a primeira reunión do Consello Escolar do curso 2021-2022. A orde do día trataba asuntos referidos á organización inicial do curso que pasamos a citar. Trala aprobación, por unanimidade, da acta anterior con data de 30 de xuño de 2021 foron tratados os seguintes temas

a) Renovación do Consello Escolar: segundo a información recibida da Consellería de Educación ao longo deste trimestre terá lugar a renovación parcial dos compoñentes do noso Consello Escolar. No momento previo da apertura do proceso, informaremos ás familias.

b) Análise da organización docente: neste apartado deuse coñecemento do equipo docente (titorías e especialistas) para o curso 2021-2022, salientando o mantemento dun novo grupo en 4º de primaria por exceder a ratio de 25 alumnos por clase.

c) Normativa COVID de centro: foron comunicados os aspectos básicos da organización COVID para o presente curso. A organización inicial, que poderá ser revisada segundo evolucione a pandemia, é manter no primeiro trimestre deste curso a organización do pasado curso 20-21.

d) Información sobre as obras do centro: neste apartado foron expostas as distintas obras realizadas no centro ao longo do verán: renovación da pista deportiva, do cuberta do patio de primaria, do aparcadoiro, accións dentro do proxecto "Patios Activos" (rocódromos). renovación parcial dos baños exteriores e tarimado e pintado de varias aulas.

e) Calendario Escolar: deuse coñecemento á estrutura do calendario escolar 2021-2022 e foi aprobada a data non lectiva correspondente a este curso, que será o luns 16 de maio de 2022.

f) Documentos COVID de centro: informouse que seguen vixentes, no presente curso, o Protocolo COVID e o Plan de Continxencia Sanitaria e Educativa que está en fase de renovación e será aprobada na súa versión inicial no Consello Escolar do mes de outubro.

g) Servizos complementarios de Madrugadores. Comedor, Transporte e Actividades Extraescolares: neste apartado a ANPA deu coñecemento do inicio dos servizos de Madrugadores e de Comedor Escolar e as accións para cumprir coas esixencias da pandemia. Xa dende o 9 de setembro está en marcha o servizo de madrugadores, en horario de 7.45 a 9.00 horas. No comedor haberá (igual que no pasado curso) dúas quendas de comida e dúas quendas de recollida, aumentando o número de comensais. O transporte iniciouse o 9 de setembro mantendo as tres rutas habituais. En canto ás actividades extraescolares e pendentes da regulación por parte da Consellería de Educación dun Protocolo COVID, quedarán en suspenso temporalmente.

h) Rogos e Preguntas: neste apartado foron tratadas cuestións relacionadas coa organización dos novos grupos e os criterios de selección utilizados.

Moita saúde

O Equipo Educativo do CEIP Escultor Acuña